

"Declaración de Utilidade Pública" (DOG 25/02/2010)

**COLABORA
CON ASEM**

Celebra a nosa recente declaración de "Utilidade Pública" pola Xunta de Galicia. Confiamos en que nos guíe cara a novos camiños de financiamento

ÍNDICE

Actualidade	2/5
Autonomía	
persoal	5/7
Saúde	8/9
Social	10/11
Testemuño	12

Tempo de lecer



Durante a cea



Con estas caras calquera diría que levan unhas copiañas, pero non, só estaban despistadiños



Elaborando os disfraces



Preparados para pasalo en grande



E, como non todo vai ser traballar, tamén encontramos tempo para divertirnos en ASEM Galicia.

En **decembro de 2009** fixemos a primeira **cea do Nadal**. Pasámolo en grande! Ao rematar a cea, as profesionais de ASEM Galicia entregamos as bandas de **MISS e MÍSTER ASEM Galicia 2009**. Foi un momento de moita emoción e intriga para os asistentes. Entre as bandas que demos atopábanse a de **MISS Dozura, MISS Internauta, MÍSTER Encanto, MÍSTER Xefazo...**

En febreiro, chegou o **Entroido** e puxémonos mans á obra coa elaboración dos nosos disfraces. Logo organizamos unha festa con **Branca-neves e os 7 ananiños**.

En marzo iniciamos un **taller de manualidades** pilotado por M.^a de los Ángeles Rodríguez, a mellor profe do mundo. Moitas grazas Angelines pola túa colaboración! Póñovos a continuación varias fotos das obras de que fixeron, e dos artistas. Se algún de vós se anima a participar, non ten máis que poñerse en contacto coa asociación.

Que é a Utilidade Pública?

É o recoñecemento oficial do carácter colaborador das entidades sen fin de lucro cos poderes públicos na consecución de bens de interese xeral para a sociedade. (Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo) ...As Organizacións Non Lucrativas que obteñen a denominación utilidade pública gozarán dunha serie de exencións e beneficios fiscais especiais, pero deberán levar un control administrativo e económico máis exhaustivo e cumprir con certas obrigacións. <http://www.socialia.org/portal>

“...Ademais, a Utilidade Pública supón un recoñecemento importante e préstalle imaxe, prestixio e credibilidade á ONG, pois para poder obter esta declaración a entidade tivo que demostrar a súa eficacia, a súa transparencia e as súas boas prácticas mediante a achega de documentación e memorias, así como cartas de apoio de personalidades que avalan o seu labor. Dalgún modo, é como unha garantía de que esa institución funciona ben.” ... Se queres saber máis sobre a lexislación ao respecto, encontrarás bos enlaces e explicacións en www.asociaciones.org.

Montse de Paz Fundación ARSIS

<http://www.solucionesong.org/asesoria/voluntarios/asesor/?id=200>

Beneficios para socios e colaboradores

- ✿ IRPF: dedución na cota íntegra do 25% do seu donativo
- ✿ Imposto de sociedades: dedución segundo Lei 49/2002

Obrigacións de ASEM

- ✿ Maior control administrativo e económico

**Faite
SOCIO**

ASEM Galicia en OURENSE



**EN OURENSE,
ASEM GALICIA
XA FORMA PARTE
DA FEDERACIÓN
PROVINCIAL DE
ASOCIACIÓNS DE
DISCAPACITADOS
FÍSICOS (DISCAFIS)**

Na súa Asemblea Xeral do pasado 10 de febreiro, DISCAFIS aprobou a entrada na dita federación de ASEM Galicia. Desta forma, a nosa asociación vai afianzando a súa presenza na provincia ourensá e abríndolles novos servizos aos seus afectados.

Os servizos ofertados pola Federación DISCAFIS-COGAMI para os nosos socios son os seguintes:

SERVIZO DE FISIOTERAPIA: 4€/ sesión

SERVIZO DE LOGOPEDIA: 2€/sesión de 30-45min.

3€/ sesión de 60min.

SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO: 1€/ traxecto

Se estás interesado en recibir algún destes servizos, contacta con Nelia Bruña, traballadora social de ASEM Galicia, no tf.: 986 378 001 ou asemgatrabajadorasocial@gmail.com





Participamos nos actos de Difusión e Sensibilización

ASEM Galicia participa nas Xornadas sobre Enfermidades Raras celebradas en FERROL



Con motivo da conmemoración do Día Internacional das Enfermidades Raras, o Imsero, a través dos seus centros de Enfermidades Raras de Burgos e de Atención a Minusválidos Físicos de Ferrol, organizou no mes de febreiro unhas xornadas co título “El marco actual y el impacto social de las Enfermedades Raras en Europa y en España” na cidade ferrolá.

O acto, dirixido a afectados, familiares, profesionais e público en xeral, contou coa presenza de profesionais con ampla experiencia no tratamento das enfermidades raras procedentes do citado centro de referencia de Burgos.

Tratáronse temas como as iniciativas e accións para a atención ás persoas con enfermidades raras, as necesidades sociosanitarias deste colectivo, programas asistenciais (incluíndo a importancia da rehabilitación) e unha presentación do Centro de Referencia Estatal de Enfermidades Raras (artigo na sección Sanidade deste boletín). Ademais, durante a xornada deixouse un oco para que, tanto asociacións como afectados e familiares, comentasen a súa experiencia a través da súa propia voz. ASEM Galicia realizou unha presentación da entidade, os seus servizos e a súa cobertura ofrecéndolles aos presentes unha visión xeral das enfermidades neuromusculares e a asociación.

Ademais, púidose escoitar a voz da asociación de ataxia, de paraparesia espástica familiar, así como de afectados e familiares que emocionaron os asistentes.

Ao finalizar o acto, levouse a cabo unha recollida de sinaturas como forma de sensibilización sobre as necesidades das persoas afectadas por enfermidades raras.

Comunicación de ASEM Galicia no II Congreso Nacional de Atención Sanitaria ao Paciente Crónico en SANTIAGO



O Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, en Santiago de Compostela, acolleu os pasados días 25 e 26 de febreiro o II Congreso Nacional de Atención Sanitaria ao Paciente Crónico.

O acto, organizado pola Consellería de Sanidade, reuniu durante as dúas xornadas a xerentes hospitalarios, médicos, farmacéuticos, persoal de enfermería e outros profesionais sanitarios que puideron coñecer as últimas novidades asistenciais e de xestión para a atención a este colectivo de pacientes.

As áreas temáticas que trataron durante o congreso foron:

- Políticas e estratexias para a prevención e xestión das enfermidades crónicas.
- Educación terapéutica e autonomía de xestión do paciente.
- Xestión integrada de procesos e continuidade asistencial.
- Sistemas de información, tecnoloxía e estruturas de apoio.
- Equipos e novos perfís profesionais na atención a pacientes crónicos.



Foi nesta última área onde, tanto a Federación ASEM como ASEM Galicia, presentaron senllas comunicacións.

No caso da Federación, foi unha presentación tipo póster a que permitiu mostrar o proxecto PreventO de terapia ocupacional nas enfermidades neuromusculares. Pola súa parte, ASEM Galicia presentou, a través dunha comunicación oral, as características das enfermidades neuromusculares, os servizos da asociación e, máis concretamente, o Servizo de Promoción da Autonomía Persoal a través da Terapia Ocupacional.

Ademais, os asistentes puideron recoller, de forma gratuíta, documentación específica sobre enfermidades neuromusculares achegada por ASEM Galicia

Celebración do día Mundial das Enfermidades Raras en VIGO

A pesar do temporal, o pasado 27 de febreiro, desde ASEM Galicia, seguimos adiante coa xornada organizada con motivo do Día Mundial das Enfermidades Raras no Museo Verbum de Vigo.

Expuxéronse diferentes temas, entre eles “A Estratexia Estatal para as Enfermidades Raras” por parte da Dra. Carmen Navarro [xefa do Servizo de Anatomía Patolóxica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) e representante da Comunidade Autónoma de Galicia para a elaboración da estratexia].



A Dra. Navarro e Yerko Ivanovic durante a Xornada

Tamén colaborou como relator o Dr. Yerko Ivanovic Barbeito (médico rehabilitador do Centro de Referencia Estatal de Atención a Persoas con Enfermidades Raras e as súas familias de Burgos) co relatorio “Rehabilitación neurolóxica no paciente neuromuscular, enfermidades raras e o seu manexo”.

Para os nenos organizouse un concurso de pintura e, ao rematar, gozaron dunha merenda caseira.



Grazas a Bancaja por colaborar no noso proxecto de fisioterapia

Equipo de redacción formado por afectados, familiares e profesionais de Asem Galicia. Coordinación redacción: Nelia Bruña e Thais Pousada, Carmen Vilaboa e Jean-Louis Bouvy. Maquetación: Manuel Martín, Tradución ao galego: Arximiro Fdez. Cabanelas. Apoio loxístico e difusión: Ana Rocha e colaboradores. O boletín CAPACIDADE NEUROMUSCULAR é unha publicación distribuída a todos os socios, a numerosos profesionais, institucións, asociacións e persoas en contacto

Edición impresa única en lingua galega. Custo aproximado impresión e envío: 2 €
ISSN:1888-6698 Dep. Legal: **Vg 62-2001**

© Edita ASEM Galicia 2º Trimestre de 2010

Edicións en “CASTELLANO” e en “GALEGO” na web www.asemgalicia.com

“Es posible obtener un ejemplar impreso en castellano solicitándolo a ASEM Galicia.”

Publicación subvencionada por:





A radio con ASEM



Estamos periodicamente nas ondas... coa nosa experiencia en enfermidades neuromusculares e as súas consecuencias, apoiada polos afectados e profesionais de ASEM, expertos e colaboradores que tanto teñen para transmitir e reivindicar.

Na web están colgadas e á vosa disposición con voz e imaxe numerosas gravacións que desenvolven, entre outros temas:

➤ **“5 PASOS para a Igualdade de Oportunidades” (ONDA CERO)**, con Carmen Vilaboa, portavoz de ASEM Galicia.

- ▶ Humanidade
- ▶ Enfermidades raras
- ▶ Cidade accesible
- ▶ Turismo accesible
- ▶ Integración

➤ **“O desenvolvemento da Lei de dependencia”** un recente faladoiro en **Radiovoz**.

➤ A serie, **Enfermidades raras e neuromusculares: un extracto do programa desenvolvido recentemente desde ASEM Galicia en RADIO LÍDER**

- ▶ Estratexia
- ▶ Crer
- ▶ Traballo social
- ▶ Investigación
- ▶ Esperanza
- ▶ Ciberer
- ▶ Niemann Pick
- ▶ Duchenne
- ▶ Fisioterapia
- ▶ Psicoloxía

E axiña en vídeo:

➤ **Cans de asistencia: o documental “Milord e Caroline”** que mostra a traxectoria e o adestramento dun can de asistencia. Agradecemoslo á AFM.

➤ **Enfermidades Neuromusculares (ENM) e Terapia Ocupacional.** Unha excelente entrevista realizada en Localia Vigo con Carmen Vilaboa e Thais Pousada.(2008).

http://www.asemgalicia.com/biblioteca/video_entrevistas/video_entrevistas.html

Ti decides! Catálogo de prestacións ortoprotésicas do Servizo Galego de Saúde



Contar coa máxima información permítenos tomar as decisións valorando e sopesando todas as posibilidades.

Isto tamén é aplicable á elección dunha ou outra ortopedia á hora de adquirir unha cadeira de rodas.

Pero empezemos polo principio....

Existen unha serie de produtos sanitarios (neste caso órteses, próteses e dispositivos de apoio) que están financiados na súa totalidade polo Servizo Galego de Saúde para seren utilizados por todas aquelas persoas que o necesiten e que teñan dereito

a cobertura sanitaria por parte do Sistema Nacional de Saúde.

Estes produtos están recollidos nun catálogo de prestacións ortoprotésicas dispoñible na páxina web do Sergas.



Este catálogo inclúe: próteses funcionais de membro superior, próteses estéticas e non funcionais de membro superior, próteses de membro inferior, ortopróteses de axenesias, cadeiras de rodas (manuais e eléctricas), accesorios para cadeiras de rodas, órteses de columna vertebral, órteses de membro superior e inferior, calzados ortopédicos, próteses de mama e faciais, axudas para a audición, bastóns, andadores, axudas para o tratamento de afeccións respiratorias, axudas antiescaras, bipedestadores e planos inclinados. Algúns destes produtos son de especial prescrición e control, como os produtos antiescaras.

As persoas afectadas por enfermidades neuromusculares poden requirir o uso dunha cadeira de rodas (manual ou eléctrica) ou diferentes órteses para manter as súas capacidades funcionais durante o maior tempo posible. A prescrición destes produtos, normalmente, é realizada polo médico rehabilitador, quen valorou as necesidades específicas de cada persoa.

Para iso cubrirá unha folla de prescrición que terá 60 días de validez.

No caso das cadeiras de rodas, os principais produtos do catálogo utilizados polas persoas afectadas por unha ENM e os seus accesorios poden ser dispensados por calquera ortopedia que teña un convenio establecido polo Sergas.

Aí é onde os cidadáns con libre dereito podemos elixir. Existen máis de 60 ortopedias/farmacias que teñen un convenio co Sergas, divididas por áreas sanitarias.

O financiamento destes produtos cubrirá o Sergas na súa totalidade ou de forma parcial (achegando o beneficiario a porcentaxe estipulada no catálogo de prestacións ortoprotésicas). No caso das cadeiras de rodas, todo o custo é asumido polo Sergas, quen lle pagará directamente a cadeira á ortopedia **elixida polo beneficiario**.

Por último, hai que comentar que existen algúns produtos que son máis específicos e que deben ser prescritos a través da Unidade de Lesionados Medulares (CHU da Coruña) ou das unidades de atención temperá (nenos de 0 a 6 anos).

As características deste servizo están reguladas pola *Orde do 21 de novembro de 2002, pola que se regula a prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Se queredes ampliar a información sobre a prestación ortoprotésica, o seu catálogo, as ortopedias con convenio ou os trámites necesarios, podedes poñervos en contacto coa Área de Terapia Ocupacional de ASEM Galicia (toasemga@gmail.com).

Domótica e control do contorno

Que é o control do contorno?


Os sistemas de control de contorno son unha parte da tecnoloxía de apoio e da domótica dirixidos a mellorar o control dos elementos do contorno doméstico e laboral das persoas con discapacidade. Trátase dun recurso para mellorar a autonomía persoal e debe ser considerado como unha ferramenta e non como un luxo inalcanzable.

Os sistemas de control de contorno son, por tanto, o conxunto de tecnoloxías que permiten realizar as funcións de control de contorno.

Que elementos forman parte do sistema de control de contorno?

Calquera sistema de control de contorno ten dous elementos:

1.- Medios de control: é o mecanismo a través do cal se controlarán os diferentes elementos do fogar. Os posibles medios de control poden ser:



- *Control predictivo ou semiautomático:* detecta a presenza e realiza unha acción en consecuencia.
- *Control individual alternativo:* o control realízase con “botóns especiais” ou conmutadores que poden ser activados pola lingua, soprido, pestanexo, voz...
- *Control con mando directo:* consiste nun único mando a distancia desde o que se poden controlar todos os elementos.
- *Control con mando secuencial:* ten as mesmas características que o anterior, pero en vez da pulsación directa, utilízase un sistema de varrido.
- *Control informático:* realízase cun software personalizable e un periférico conectado ao ordenador.

2.- Elementos controlables: son aqueles aparellos ou instalacións do fogar que se poden manexar a distancia a través do control de contorno. Os elementos controlables poden ser:

- *Control do ambiente:* luces, temperatura, persianas, ventás, cortinas...
- *Realización da hixiene:* billas, secamáns, xaboneiras, inodoros con sistema de limpeza, dispositivos motorizados para acceso á bañeira...
- *Mobilidade:* camas, guindastres fixos e móbiles, portas automatizadas, pechaduras eléctricas, mobles automatizados...
- *Comunicación:* teléfonos, interfono, videoconferencia...
- *Entretemento:* televisión, equipo de música, DVD, xogos, axudas para a lectura...
- *Acceso ao ordenador*
- *Avisos:* timbres de aviso, teleasistencia, sistemas de alarma.

É cara a instalación dun sistema de control de contorno? Como sei cal é a solución máis axeitada no meu caso?

Este tipo de solucións tecnolóxicas non teñen por que ser caras. O custo dependerá das necesidades específicas de cada persoa e das características do seu fogar. Ata hai pouco non existía ningún recurso na nosa comunidade en que as persoas con discapacidade puidesen probar as características dos sistemas de control de contorno.



Porén, a empresa Solucion, do Grupo EMS, habilitou no seu local de Santiago de Compostela un **piso piloto adaptado**. O seu obxectivo é que sirva como espazo de valoración por parte dos usuarios para determinar cal é a que mellor se adapta ás súas necesidades e optar por unha “solución personalizada”.


Este piso, de 50 m², conta cun cuarto, cuarto de baño, cociña e sala de estar, con espazos amplos de acceso, desprazamento e xiro e con todo o seu mobiliario adaptado.

Todas as estancias do piso teñen tamén diferentes axudas técnicas que poden ser un apoio tanto para o usuario como para o seu coidador (cama articulada, guindastre de teito, axudas para a alimentación...). No piso instalouse un sistema de control de contorno que permite controlar distintos dos seus elementos, como as portas, as luces, electrodomésticos, equipos multimedia...

Todo isto cun obxectivo: facilitarlles aos usuarios un espazo en que avalíen e proben as diferentes opcións e tomen a decisión máis axeitada.

Para obter máis información sobre este piso adaptado, podeades poñervos en contacto coa Área de Terapia Ocupacional de ASEM Galicia (toasemga@gmail.com).





Eutonía e Enfermidades Neuromusculares

QUE É A EUTONÍA?

A eutonía, creada e desenvolvida por Gerda Alexander, é unha disciplina corporal baseada na experiencia do propio corpo. Conduce a persoa cara a unha toma de conciencia de si mesma e propón unha aprendizaxe para a regulación do ton muscular, adecuándoo a calquera situación da vida. O termo eutonía, que provén do grego 'eu': bo, óptimo + 'tonos': tensión, foi creado para expresar a idea dunha "tonicidade harmoniosamente equilibrada en adaptación constante ao estado do momento".



A EUTONÍA, UNHA EXPERIENCIA DESDE A NECESIDADE

Por Ángeles Roca Martínez (extracto)

OS ANTECEDENTES: ACOTÍO

Dentro do proxecto ACOTÍO, elaborado en colaboración coa asociación de enfermos neuromusculares ASEM GALICIA, e do que xa expuxen as súas liñas xerais nun número do boletín anual do Instituto Internacional de Eutonía, encadraba a eutonía como unha das propostas de intervención cos suxeitos afectados por unha enfermidade neuromuscular. Lémbrovos que se trataba dunha intervención multidisciplinar en que participaban, ademais do/da eutonista: fisioterapeutas, psicólogo/a, terapeuta ocupacional, asistente social e psicomotricista (na intervención con nenos). /....

No seu artigo, Ángeles Roca relata a experiencia levada a cabo e o testemuño de varios mozos participantes.

TESTEMUÑOS:

Que vos achegou a práctica da eutonía?

D.: Un coñecemento do teu corpo, desde a cabeza ata os pés. Máis que coñecer...sentir: partes do corpo, os músculos, os ósos, aínda que, como nos dicías, non se poden sentir realmente, pero si saber que están aí.

C.: Para min, basicamente, sería a estabilidade ao camiñar, á parte doutras, pero sobre todo esta, máis equilibrio e presenza do corpo.

M.: Eu algo parecido, pero quizais máis o cambio de postura.

Esta pregunta enlaza coa seguinte: Cales son as modificacións máis importantes que tives-tes e nas que credes que a eutonía tivo algo que ver, aínda que non exclusivamente?

D.: Inconscientemente vas mellorando, sen decatarte, no traballo que nos propós, nos exercicios. Saímos de aquí apoiando moito mellor os pés na marcha que cando entramos.

C.: Cando decatás, dis: "Vaites, se o estou a facer! A min pásame".

Podedes concretar algún aspecto, algo en especial?


D.: Eu non sei se foi a eutonía ou a fisioterapia, pero ao subir e baixar as escaleiras fágoo con máis seguridade ca antes. Será un pouco polas dúas cousas.

C.: Eu, baixar e subir escaleiras evidentemente non (xa non podo), pero á hora de camiñar noto maior estabilidade, máis seguridade.

M.: Menos medo, máis equilibrio. /...

O artigo completo esta dispoñible en www.asemgalicia.com

Para saberes máis sobre eutonía: Ángeles Roca arocam2002@yahoo.es
www.institutoeutonia.org



Un Centro de Referencia para persoas afectadas por enfermidades raras



O pasado mes de setembro inaugurouse en Burgos o Centro de Referencia Estatal de Enfermidades Raras (CREER). Trátase do primeiro centro destas características especializado na atención ás persoas con enfermidades raras (entre elas, as enfermidades neuromusculares) e tamén na investigación e formación de profesionais específicos.

Existen aproximadamente 7.000 diagnósticos distintos de enfermidades raras, xeralmente, graves, crónicas e xeradoras dunha dependencia importante. A prevalencia na poboación é baixa, de aí que se denominen raras. Esta característica, xunto co seu escaso coñecemento, fai que as persoas afectadas se sintan desligadas dos procesos asistenciais. Por iso, o CRE de Enfermidades Raras de Burgos, dependente do Imserso, naceu para contribuír a difundir as necesidades específicas das persoas e familias afectadas e garantir unha intervención especializada, así como a mellora da súa calidade de vida.

Organización e servizos do centro:

O CREER de Burgos está organizado en tres seccións:

Dirección

Servizos de referencia: trátase de recursos especializados na investigación e dotación de coñecemento en enfermidades raras. Están estruturados nunha área de formación, asistencia técnica e cooperación internacional e outra área de información, documentación, investigación e avaliación.

Servizos de atención directa: están dirixidos directamente ás persoas afectadas, as súas familias e as ONG. Entre estes destacan os programas de atención a familias e cuidadores, de respiro vacacional, escola de familias, atención a ONG, atención multidisciplinar a enfermidades raras e atención residencial.

Quen pode ser usuario do centro?

O centro presta a súa atención a dous tipos de usuarios:

Usuarios dos servizos de referencia: son institucións, públicas ou privadas, centros de investigación ou docentes, que desenvolvan na súa actividade cara a persoas con enfermidades raras. Tamén son usuarias aquelas ONG, como a Federación ASEM, representantes de diversos colectivos de persoas afectadas por estas patoloxías.

Usuarios dos servizos de atención directa: son as persoas afectadas por unha enfermidade rara, as súas familias e/ou cuidadores.

Instalacións e equipo profesional:



O centro está situado na rúa Bernardino Obregón, a escasos quilómetros da cidade de Burgos e comunicado con liñas de transporte urbano accesibles. Conta con 48 prazas residenciais e con 20 de estancia diúrna. Os cuartos son moi confortables, con baño incluído e totalmente adaptados. Ten unha zona de servizos de referencia e servizos comúns e outra zona de atención directa: son 12 apartamentos para cabida de 4 persoas. Outros espazos son unha biblioteca, videoteca, cafetería e zona exterior con xardín.



O CREER conta cun equipo multidisciplinar á fronte dos dous tipos de servizos. Os profesionais que o forman son: equipo directivo (director, responsables de área, administrativos), equipo médico (médico de familia, rehabilitador), psicólogo, psicopedagogo, traballador social, ATS/DUE, terapeuta ocupacional, fisioterapeuta, logopeda, técnico en documentación, mestre en educación infantil, auxiliares de enfermería e persoal de apoio e mantemento.

Como solicitar o acceso no CREER?

Todas aquelas persoas afectadas por unha ENM e as súas familias interesadas en solicitar os servizos de atención directa do CREER, deben seguir o seguinte proceso:

Establecer un contacto directo co centro (por teléfono ou persoalmente).

Cubrir a solicitude de acceso aos centros de referencia do Imserso.

Este formulario poderédolo atopar na seguinte páxina web: <http://www.imserso.es/Presentacion/groups/imserso/documents/binario/solcentrosimserso.pdf>

Máis información:

Centro de Referencia Estatal de atención a persoas afectadas por Enfermidades Raras e as súas familias.

R/ Bernardino Obregón, 24. 09001 Burgos

Tlf.: 947 253 950; Web: www.creerenfermedadesraras.es

Email: Info@creenfermedadesraras.es; creenfermedadesraras@imserso.es

Descontos e exencións ante a compra dun vehículo para persoas con discapacidade

IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE)

Ás persoas con discapacidade aplícaselles un IVE do 4% para:

- a. Todas as operacións de entregas, adquisicións intracomunitarias ou importacións de:
 - Vehículos para persoas con mobilidade reducida.
 - Vehículos destinados a ser utilizados como autotaxis ou autoturismos especiais para o transporte de persoas con discapacidade en cadeira de rodas, ben directamente ou logo da súa adaptación, así como os vehículos a motor que, logo da adaptación ou non, deban transportar habitualmente persoas con discapacidade en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida, con independencia de quen sexa o condutor destes.
- b. Os servizos de reparación dos vehículos e das cadeiras de rodas para persoas con mobilidade reducida e os servizos de adaptación dos autotaxis e autoturismos para persoas con minusvalías e dos vehículos a motor que deban transportar habitualmente persoas con discapacidade en cadeira de rodas ou con mobilidade reducida, con independencia de quen sexa o condutor destes



EXENCIÓN DO IMPOSTO DE MATRICULACIÓN

Están exentos do imposto da primeira matriculación definitiva os vehículos automóbiles a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo, sempre que concorran os seguintes requisitos.

Requisitos

- Que transcorresen polo menos 4 anos desde a matriculación doutro vehículo en análogas condicións. Non obstante, este requisito non se esixirá en supostos de sinistro total dos vehículos, debidamente acreditado.
- Que non sexan obxecto dunha transmisión "inter vivos" durante o prazo dos 4 anos seguintes á data da súa matriculación.

EXENCIÓN DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA


Beneficiarios

Vehículos matriculados a nome de persoas con minusvalía para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan as ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Terá a consideración de persoa con minusvalía quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ao 33%.

Para máis información podeades consultar a Guía de Recursos Sociais ASEM Galicia 2008 que vos fixemos chegar, a nosa web www.asemgalicia.com ou ben poñervos en contacto coa traballadora social de ASEM Galicia.



**Grazas a "LA CAIXA" por colaborar
coa nosa acción social**



Incapacidade laboral permanente (segunda parte)

Incapacidade permanente absoluta

É aquela que inhabilita por completo o traballador para toda profesión ou oficio. Os requisitos para ter dereito a esta prestación son os seguintes:

- Cando a invalidez está motivada por enfermidade común e o traballador está en alta ou en situación asimilada:
 - ▶ Ter menos de 65 anos.
 - ▶ Se o solicitante ten menos de 26 anos, debe ter cotizado a metade do tempo transcorrido entre a data en que cumpriu os 16 anos e a data do feito causante da pensión.
 - ▶ Se ten 26 anos ou máis, a cuarta parte do tempo transcorrido entre a data en que cumpriu os 20 anos e a do feito causante da pensión, cun mínimo de 5 anos. A quinta parte do dito período mínimo deberá estar comprendida dentro dos 10 anos inmediatamente anteriores ao feito causante.
 - ▶ Se a invalidez deriva dun accidente, sexa ou non laboral, ou de enfermidade profesional, non se esixe período de cotización ningún.
 - ▶ Se o traballador non está en alta, nin en situación asimilada á de alta, e a súa incapacidade se debe a enfermidade común ou accidente non laboral, debe ter cotizados 15 anos dos cales, tres anos dentro dos últimos 10 anos. A contía da pensión é do 100 % da base reguladora.

Gran Invalidez


Chámaselle así á situación do traballador afectado de incapacidade permanente que necesita a asistencia doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida. Os requisitos esixidos para poder solicitala son:

- ▶ Ter menos de 65 anos na data do feito.
- ▶ Estar afiliado á Seguridade Social

Para solicitala é imprescindible estar en situación de baixa médica. Para ter dereito á prestación económica deberanse ter efectuadas as seguintes cotizacións á Seguridade Social:

- ▶ Se o traballador está en alta ou situación asimilada á de alta, a incapacidade débese a unha enfermidade común, e ten menos de 26 anos, a metade do tempo transcorrido entre a data en que cumpriu os 16 anos e a data do feito que dá orixe á pensión; se ten 26 ou máis anos, a cuarta parte do tempo transcorrido entre a data en que cumpriu os 20 anos e a do feito causante da pensión, cun mínimo de 5 anos. A quinta parte deste período mínimo deberá estar comprendida dentro dos 10 anos inmediatamente anteriores. Se a incapacidade é consecuencia dun accidente ou unha enfermidade profesional, non se esixe ningún período de cotización.
- ▶ Se o traballador non está en situación de alta ou asimilada, e a incapacidade está motivada por unha enfermidade común, ou un accidente non laboral, deberá acreditar 15 anos de cotización, dos cales polo menos a quinta parte debe estar comprendida dentro dos 10 anos inmediatamente anteriores ao feito causante.

A contía da pensión é o 100 % da base reguladora, máis un 50 % destinado a facerlle fronte aos gastos que supón a necesidade de contar con outra persoa. O incremento do 50 % pode substituírse, a pedimento do interesado ou dos seus representantes legais, polo seu aloxamento e coidado a cargo da Seguridade Social.



TESTEMUÑO**Dificultade para a adquisición de férulas**

Ola a todos!

Chámome Lola e son nai dun neno afectado por unha amiotrofia espinal tipo III.

Vou intentar poñer por escrito a odisea que pasamos para conseguir que ao meu fillo lle fixesen unhas férulas tipo DAFO (férulas que corríxen as deformidades do pé e evitan que estas empeoren co paso do tempo).

A historia, máis ou menos reducida, é a seguinte:

Na revisión médica á que acudimos en Barcelona a finais de novembro de 2008 indicáronnos que tiñamos que facerlle ao meu fillo unhas férulas-órteses tipo DAFO novas. As antigas quedáranlle pequenas. Ademais non eran DAFO porque xa llas fixeran mal aquí en Vigo, pero ben, iso é outra historia.

Despois da revisión en Barcelona, tivemos cita co médico rehabilitador do Hospital Xeral-Cies de Vigo a principios de decembro de 2008, quen nos indicou que, en efecto, había que facer os DAFO novos e que xa nos chamarían da ortopedia viguesa.

Despois de esperar bastante tempo a chamada da ortopedia, decidimos chamalos nós. Concertáronnos a primeira cita para o luns 19 de xaneiro de 2009 (todo este tempo o neno sen férulas).

Levámolles a fotocopia dos DAFO e o material para utilizar indicado en Barcelona. Fixeron os moldes de xeso e esperamos, esperamos..., ata que nos chamaron e dixeron que había que repetir os moldes. Xa estabamos en febreiro de 2009 e, despois de moito insistir, as férulas déronnoslas en marzo de 2009 e, aínda por riba de tarde, mal feitas. Tiveron que recortalas e non se parecían en nada a unhas DAFO. Entón foi cando ameazamos con acudir a inspección médica e, como consecuencia, cítannos ao día seguinte. Ese día están conosco ata as nove da noite, pídennos desculpas e dinnos que nos fan outras férulas novas totalmente gratis. Estas entregáronnoslas en maio de 2009.

Isto é imperdoable, o neno estivo ata o mes de marzo sen ningún tipo de órteses, co con seguinte atraso motor.

Chamamos unha ortopedia en Barcelona (unha coa que adoita traballar o Hospital Sant Joan de Déu) e dixéronnos que nolas entregaban en 3 días; case moremos do infarto! Isto é increíble!

Quen nos devolve o atraso do meu fillo?

Á parte de poñelo en coñecemento do especialista de Vigo, despois desta experiencia o que temos claro é que todo o que nos indiquen no hospital para o noso fillo farémollo en Barcelona.

Espero que vos sirva de algo este escrito para que non volva ocorrer algo parecido, que sabades que non estamos en Galicia á altura de Barcelona e que denunciades cando consideredes que non estades ben atendidos.

É unha das formas de poder avanzar para os nosos fillos.

Lola Fernández Cánovas
Vigo
654 166 582
lolaydiego@hotmail.com



VIGO Sede
Párroco José Otero, nº 6 baixo
36206 Vigo
Tel./Fax: 986 378 001

A CORUÑA
Centro García Sabell

